- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
8	Summer fun	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Comprender o sentido global e explícito de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns.	PE	50
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiáns para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.	Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos básicos para comprender o sentido xeral dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.		
CA1.4 - Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade.		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para producir textos comprensibles. usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación.	Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles.	TI	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas, , apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal e mostrando respecto.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación e tomar e ceder a palabra.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Explicar comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por solucionar problemas.		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, usando, con axuda, recursos básicos en función das necesidades de cada momento.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndooos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio europeo das linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar de forma respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociados aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou

Contidos

- estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Segundo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles as medidas de reforzo necesarias.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

Cada unidade didáctica permitirá distribuír proporcionalmente os tempos da clase nas catro destrezas, ler, escribir, escoitar e falar. Incluirán dous bloques de vocabulario relacionado co tema central. A presentación das estruturas será nun contexto escrito ou gravado. As táboas e os exemplos vanlles permitir a reflexión e a análise e así desenvolver a aprendizaxe autónoma, metodoloxía inductiva. Os textos para a comprensión escrita e oral estarán coidadosamente graduados e reforzados con actividades. Os listening comprehension van permitir ademais mellorar a pronunciación. A partir deles faranse os intercambios orais.

Na clase, disporase o espazo en forma diversa segundo a actividade, e empregaranse as novas tecnoloxías xa que as aulas dispoñen de pizarras dixitais. Tódolos alumnos disporán dun ordenador que conterá os libros/material dixital de cada materia.

Xa que hai alumnos que aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes, a materia está programada para ser utilizada con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopar actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do

progreso que logran día a día. Existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron.

Se lle proporcionará ó alumnado unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O/A alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención da profesora. Esta intervención debe ser activa e reflexiva, e axustada ó nivel que mostra o/a alumno/a, debendo: iniciar o input da lingua, axudar ó individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o/a alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Manual da editorial (Libro dixital, actividades interactivas e caderniño en papel do alumnado)
Pizarra dixital interactiva
Equipos informáticos
Material complementario fotocopiable
Libros de lectura adaptados

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, e terán un enfoque comunicativo e comprensivo.

Ademais do profesor asignado para impartir a materia contarase cun auxiliar de conversa. A súa función será reforzar as destrezas orais do alumnado tanto na comprensión oral como na expresión. Isto verase completado coa ensinanza dos aspectos da cultura do país de procedencia do auxiliar.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial ten como obxectivo fundamental analizar, antes de iniciar un proceso de ensino-aprendizaxe, a situación de cada estudante. Na avaliación inicial pódense diagnosticar aspectos como as concepcións alternativas, as estratexias espontáneas de razoamento, as experiencias persoais e os hábitos e actitudes que determinan, en boa medida, o sentido da aprendizaxe.

Durante a primeira semana do curso realizarase unha proba escrita, deseñada tendo en conta o currículo do curso anterior. O resultado desta proba, xunto coa observación do traballo na aula, a información aportada polo Departamento de Orientación e a Memoria Final do curso 2022/2023, permiten adoptar decisións sobre cales son os puntos de partida e poder adaptar así o proceso de ensino aprendizaxe e a propia programación didáctica ás necesidades detectadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	15	15	15	15	100
Proba escrita	50	50	50	50	50	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50	50	50	50	50	50	50

Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.
 O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.
 O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.
 O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 40%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

2. PRODUCCIÓN ORAL (CA1.3): 20%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

3. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 10%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

4. INTERACCIÓN (CA1.6 + CA1.7): 10%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5. MEDIACIÓN (CA1.8 + CA1.9): 10%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

6. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 5%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

7. INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 5%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

Simplificando, a aplicación dos distintos CA concrétase na cualificación trimestral a partir das cualificacións obtidas nas unidades didácticas traballadas nese trimestre aplicando as seguintes porcentaxes:

- Comprensión e expresión escritas (probos escritos): 50%

- Expresión oral: 20%

- Comprensión oral: 15%

- Traballo diario: 15%

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,60.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de

recuperar a materia realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 85%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 15%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Respecto a aqueles alumnos que teñan a materia do curso anterior non superada establécense as seguintes medidas: Elaborarase un plan individualizado e personalizado de recuperación da materia pendente por trimestre. Os estudantes que cumpran os obxectivos marcados superarán a materia pendente.

Os alumnos que non cumpran satisfactoriamente os obxectivos trimestrais marcados terán a posibilidade de facer unha proba escrita de mínimos no mes de maio nas datas propostas dende a Xefatura de Estudos.

A proba escrita de maio recollerá os contidos do curso anterior e serán similares ás do curso ordinario sendo cualificadas seguindo os mesmos criterios.

COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 85%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 15%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

Por outra banda, unha cualificación positiva en calquera avaliación do curso actual implica a recuperación da materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
7. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
8. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu

desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X							
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores		X			X		X	
ET.6 - A igualdade de xénero		X					X	
ET.7 - A creatividade	X		X	X	X		X	
ET.8 - A educación para a saúde					X			
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.		X						
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable						X		
ET.11 - O emprendemento social e empresarial				X	X			X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico					X	X		

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Sesión de teatro en inglés	O alumnado terá a oportunidade de gozar dunha obra artística na lingua inglesa.	X		
Participación no concurso The Big Challenge	O alumnado terá a ocasión de participar nun concurso nacional en liña de inglés e cultura angloparlante.		X	

Observacións:

Se durante o curso xurdira a posibilidade de realizar outras actividades complementarias, faríase todo o posible por levarlas a cabo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolles pautas para mellorar.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Clima de traballo na aula
Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
--

Informe ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo do curso, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre

Ás veces

Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Durante o curso, o estudo dos resultados académicos e a análise das súas causas permite establecer medidas correctoras. Nas reunións de Departamento trimestral realizarase un seguimento do nivel de cumprimento das programacións. As modificacións que se deriven desta análise serán acordadas polo Dpto. e quedarán reflectidas nunha acta sendo tamén incluídas na Memoria Final.

1.- Nas sesións de avaliación trimestral e tendo en conta os resultados académicos faremos constar en acta os seguintes aspectos:

Análise estadístico dos resultados xerais do grupo e valoración dos mesmos.

Casos particulares analizados e medidas a adoptar.

Clima de traballo na aula.

Valoración dos apoios e reforzos.

Grao de desenvolvemento das competencias en xeral.

Compromisos para a seguinte avaliación.

2.- Ao remate do curso e como parte da Memoria Final revisarase a programación tendo en conta:

Unidades non impartidas e as causas que o impediron.

As modificacións introducidas.

As propostas de mellora a ter en conta no próximo curso.

Os resultados académicos e as posibles causas que afectaron negativamente.

A valoración dos recursos, medidas de atención á diversidade aplicadas e actividades complementarias.

As conclusións obtidas na avaliación.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004514	CPR Plurilingüe La Inmaculada	Marín	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	23
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	28

1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

CONTEXTUALIZACIÓN 1º ESO-A

A presente programación está dirixida ao alumnado de 1º ESO-A. Atopámonos nun aula de 22 alumnos, dos cales 9 son mulleres e 13 son homes.¿¿¿

A lingua predominante do alumnado é o castelá.¿¿

En canto o análise dos resultados do curso anterior todos promocionaron acadando os obxectivos excepto un neno que non acadou os obxectivos da lingua estranxeira, inglés, e dous nenos e unha nena que non acadaron os obxectivos en matemáticas, esta nena tampouco acadou os obxectivos de lingua castelá e un dos nenos promocionou por imperativo legal con sete suspensas.

Hai una alumna que está repetindo este curso e dos alumnos que xa repetiron unha vez na etapa de primaria.

Hai un alumno que se incorporou este curso a o noso centro.

Hai dúas rapazas e cinco rapaces exentos da segunda lingua estranxeira, francés.¿¿

O profesorado que imparte docencia neste curso é:¿¿

Dpto. de ciencias:¿ Nuria , María del Mar López Fariña e José Blanco Barros.¿¿

Dpto. de linguas: Begoña Diz Magariños, Mª del Carmen Fernández Villar, Ana I. González Entenza e Mª Reyes Rosales Aldao.¿¿

Dpto. artística: Ana Mª Acuña, Elena F. Sobral e Javier Medrano.¿¿

Dpto. relixión: Roberto Briz.¿¿

Outros aspectos relevantes: ¿¿

Deste alumnado cinco precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: un rapaz con trastorno do espectro autista (TEA) e certificado de minusvalía do 33%, unha rapaza con TDAH e dislexia, un rapaz con dislexia e un rapaz e unha rapaza con dificultades de aprendizaxe.

Do alumnado mencionado un ten adaptación curricular significativa en cinco materias.

Hai un alumno con situación familiar desfavorecida en seguimento por parte dos servizos sociais e a UACO.

CONTEXTUALIZACIÓN 1º ESO-B

A presente programación está dirixida ao alumnado de 1º ESO-B. Atopámonos nun aula de 21 alumnos, dos cales 10 son mulleres e 11 son homes.

A lingua predominante do alumnado é o castelá.

En canto o análise dos resultados do curso anterior todos promocionaron acadando os obxectivos excepto unha rapaza que non acadou os obxectivos de matemáticas e un rapaz que non acadou os obxectivos da lingua estranxeira, inglés.

Hai unha rapaza e un rapaz exentos da segunda lingua estranxeira, francés.

Hai unha alumna que se incorporou ao noso centro este curso.

O profesorado que imparte docencia neste curso é:

Dpto. de ciencias: Nuria Mª Rial González, María del Mar López Fariña e José Blanco Barros.

Dpto. de linguas: Begoña Diz Magariños, Mª del Carmen Fernández Villar, Ana I. González Entenza e Mª Reyes Rosales Aldao.

Dpto. artística: Ana Mª Acuña, Elena F. Sobral e Javier Medrano.

Dpto. relixión: Roberto Briz.

Outros aspectos relevantes:

Deste alumnado cinco precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: unha rapaza por TDAH e dislexia, unha rapaza por risco moderado de dislexia e posible discalculia, unha rapaza con TEA, unha rapaza con dificultades en matemáticas (AC) e un rapaz con dificultades de aprendizaxe nas linguas.

Dous rapaces con protocolo TDAH pero que non precisan reforzo educativo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 1º de ESO os catro bloques concréntanse en nove unidades didácticas. Cada unidade iniciarase cunha breve explicación sobre a palabra referida no título, o que non só contribuirá ao coñecemento e á conservación do léxico tradicional, senón que tamén propiciará a introdución doutras cuestións lingüísticas e extralingüísticas relativas á materia.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica.

Por último, cómpre salientar que os libros de lectura propostos para cada trimestre deberán abordar temáticas diferenciadas

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social e cultural da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1 Coas palabras e cos xestos		10	10	X		
2	Unidade 2 Procúranse reporteiros	A	10	11	X		
3	Unidade 3 Unha aventura substantiva		15	14	X		
4	Unidade 4 Os trazos importantes	O	10	8		X	
5	Unidade 5 Era Lambona de seu		10	12		X	
6	Unidade 6 Xuntos e Revoltos		10	13		X	
7	Unidade 7 Alguén viu o Gatipetro		10	9			X
8	Unidade 8 Heroes de tinta chinesa		10	8			X
9	Unidade 9 Vas ou vés?		15	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1 Coas palabras e cos xestos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado localiza nun mapa da Península Ibérica a situación xeográfica das linguas de España e Portugal, coñece datos sobre a súa orixe e recoñece a área dialectal na que se insire a súa bisbarra.	PE	50
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado identifica, nunha conversa ou entrevista gravada, os principais elementos do feito comunicativo (emisor, receptor...) e recoñece trazos característicos das secuencias textuais dialogadas.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica, en textos dados e na obra de lectura obrigatoria, algúns trazos formais do xénero lírico (versos, estrofas, rima...).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha breve presentación da súa biografía lingüística. Indica que linguas fala, escribe ou aprende, como as aprende, que lingua/s utiliza/n a súa familia ou persoas achegadas...	TI	50
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos de catro alumnas/os, participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, nunha conversa sobre o inicio de curso e o instituto.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado asiste e participa activamente nas actividades do obradoiro de poesía, expresa a súa opinión sobre un poema da súa elección e colabora na escrita dun poema colectivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúde e despedida, agradecemento e des-culpa. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	Unidade 2 Procúranse reporteiros	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado debe recoñecer nun mapamundi as principais familias lingüísticas e linguas do mundo e identificar algúns sistemas de escritura destas.	PE	75
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado sabe identificar, en textos escritos, orais ou multimodais, as características das secuencias textuais descritivas (estrutura, tipos...).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende o sentido global (información relevante, intencionalidade...) do libro de poemas de lectura obrigatoria.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) do libro de poemas de lectura obrigatoria.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado acode á biblioteca escolar con motivo da celebración do Día da Biblioteca, selecciona unha obra de acordo cos seus gustos ou preferencias de lectura e explica o motivo da súa escolla.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe soletrear os grafemas e os dígrafos do galego. Tamén sabe aplicar correctamente as regras de acentuación básicas.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza, de acordo coas pautas da tipoloxía descritiva, unha descrición dun obxecto, unha paisaxe, un animal ou unha persoa.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).

UD	Título da UD	Duración
3	Unidade 3 Unha aventura substantiva	14

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado presenta un traballo sobre a lusofonía e os países lusófonos que inclúe as características do sistema ortográfico do portugués e un breve glosario de expresións básicas da vida cotiá.	TI	100
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha exposición oral breve sobre algún tema concreto relacionado cos países lusófonos e identifica no seu borrador a estrutura e características lingüísticas do texto expositivo.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente e seguindo as pautas da cortesía lingüística nas actividades de intercambio co centro luso: encontro virtual, presentación da súa vila, concurso de Mail Art.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado redacta un traballo de investigación ben organizado, empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros lingüísticos nin formais salientables (palabras, letras repetidas...).		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado consulta e selecciona, coa axuda do profesorado, a información pertinente para desenvolver a súa exposición, sen copiala textualmente, respectando os dereitos de propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúde e despedida, agradecemento e des-culpa. - Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.

Contidos

- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.

UD	Título da UD	Duración
4	Unidade 4 Os trazos importantes	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece algúns aspectos básicos do éuscaro: extensión xeográfica, grafías e algunhas expresións cotiás deste idioma (fórmulas de saúdo e de despedida e de agradecemento e desculpa etc.).	PE	75
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado sabe empregar correctamente e detectar erros relativos ao emprego dos signos de puntuación básicos (punto, coma, dous puntos).		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado sabe establecer vínculos entre a obra de lectura obrigatoria e aspectos da actualidade, así como con outras manifestacións artísticas e culturais.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica algunhas das principais características do xénero narrativo na obra de lectura obrigatoria de narrativa xuvenil actual.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe recoñecer e aplicar algúns procedementos de organización do discurso (orde de palabras, compoñentes das oracións, conexións entre significados...).		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha narración breve sobre un suceso recente na que identifica as principais características das secuencias textuais narrativas (estrutura, elementos...).	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).

UD	Título da UD	Duración
5	Unidade 5 Era Lambona de seu	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece algúns aspectos básicos do catalán: localización xeográfica e algunhas expresións cotiás deste idioma (fórmulas de saúdo, despedida, agradecemento e desculpa etc.).	PE	60
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado usa coherentemente as formas verbais e recoñece erros relativos á correlación temporal dos verbos.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar a carta coa axuda do profesorado, detecta problemas léxicos e gramaticais, e é capaz de solucionarlos e explicalos cunha metalinguaxe específica.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global (información relevante, a intención do emisor...) do libro de lectura obrigatoria da narrativa xuvenil actual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado utiliza axeitadamente dicionarios, manuais de gramática e correctores ortográficos para emendar erros lingüísticos básicos.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado escíbelle unha carta formal ao autor ou autora da obra de lectura obrigatoria. No texto emprega o rexistro adecuado, mantén a coherencia e respecta as convencións do xénero.	TI	40
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) do libro de narrativa xuvenil actual e expresa a súa opinión a través da gravación dun booktráiler.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
6	Unidade 6 Xuntos e Revoltos	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado producirá textos sinxelos dirixidos a unha entidade social (mensaxaría, correo electrónico, comentario nun blog) segundo as pautas características destes textos.	TI	100
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa nun traballo de investigación colectivo sobre as redes sociais (orixe, tipos...) con boa actitude e empregando estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado elabora un díptico en formato dixital que inclúe información sobre os riscos da Rede e as recomendacións que se deben seguir para evitalos.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado grava pílulas informativas nas que, con exemplos concretos, denuncia e rexeita usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e abusos a través da palabra.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado utiliza o léxico preciso e enriquece o vocabulario dos seus traballos con axuda de dicionarios, tanto en soporte analóxico como dixital.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado, logo de contrastar con axuda do profesorado varias versións dunha mesma noticia, redacta a súa propia versión, respectando os principios de propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

Contidos
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
7	Unidade 7 Alguén viu o Gatipedro	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica algúns trazos dialectais da súa área lingüística (seseo, gheada...) e valora estes fenómenos como mostra da riqueza do galego.	PE	85
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, logo de subliñar as ideas principais dun texto de temática ambiental, redacta un resumo da información máis salientable e elabora un esquema dos contidos tratados.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado recoñece e explica erros léxicos, gramaticais e ortográficos coa axuda de dicionarios e de manuais de consulta en textos escritos e multimodais dados do ámbito persoal, social e académico.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Logo de valorar a forma e o contido do borrador do álbum ilustrado colectivo, o alumnado debe empregar procedementos comunicativos para melloralo e emendar o que for preciso.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe redactar correctamente oracións simples e localizar nelas as frases e funcións sintácticas principais (SUX, PDO, CD, CI e CC).		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa un texto dado e soluciona problemas lingüísticos coa axuda dicionarios, de manuais de gramática e de correctores ortográficos, en soporte analóxico e dixital.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado elabora, a partir de modelos dados, unha páxina do álbum ilustrado colectivo sobre temática ambiental (mudanza climática, protección animal etc.).	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación á reflexión interlingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

UD	Título da UD	Duración
8	Unidade 8 Heroes de tinta chinesa	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado detecta nun texto oral, escrito ou multimodal prexuízos e/ou estereotipos lingüísticos relativos á utilidade da lingua galega e expón algún argumento para refutalos.	PE	100
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado reconece castelanismos léxicos frecuentes en textos escritos e multimodais dados do ámbito persoal, social e académico e sabe substituílos pola forma galega correcta.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado é capaz de interpretar o sentido dalgúns textos literarios dende unha perspectiva de xénero. Identifica situacións de desigualdade, discriminación, prexuízos, linguaxe sexista etc.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorpora, nun texto dado, palabras sinónimas, hiperónimas e hipónimas co obxectivo de evitar repeticións no discurso.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado localiza en textos narrativos e descritivos, distintos tipos de palabras e identifica cales son as categorías gramaticais predominantes.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado é quen de explicar a mudanza gramatical dunha palabra mediante procedementos como a adición de prefixos e sufixos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura con perspectiva de xénero. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).

UD	Título da UD	Duración
9	Unidade 9 Vas ou vés?	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente na planificación da peza (ensaios, decorados, vestiario) e na procura de información sobre a obra, o/a autor/a e a súa época, con boa actitude e cortesía lingüística.	TI	100
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica o grao de formalidade da situación da peza teatral, distingue o propósito comunicativo do seu personaxe e interpreta as súas intencións.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado, logo de procurar e contrastar información na biblioteca, elabora un xogo interactivo sinxelo de preguntas e respostas sobre a obra, o/a autor/a, o seu contexto histórico etc.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado é quen de realizar unha lectura expresiva e posterior dramatización da obra atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados no seu desenvolvemento.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado elabora un traballo sobre as características máis salientables do xénero dramático e identifica na obra de lectura/peza teatral algúns dos seus principais elementos.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado coñece algúns dos temas e tópicos máis frecuentes na literatura (o amor, a vida, a morte etc.) e sabe identificalos na obra de lectura obrigatoria (peza teatral).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.

Contidos

- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Orientacións pedagóxicas

A metodoloxía está orientada a que os alumnos /as acaden os obxectivos. Caracterízase por ser activa, participativa, motivadora e por estar relacionada coa experiencia. O coñecemento da lingua integra contidos relacionados coa reflexión sobre a lingua, coa adquisición de uns conceptos e unha terminoloxía gramatical. Propóñense actividades de gramática, ortografía e léxico para conseguir un maior dominio da lingua, así como de literatura para adquirir coñecementos relacionados coa nosa tradición literaria.

Tamén é importante a procura de información en bibliotecas ou Internet orientada a traballos de clase, así como o traballo con xornais (soporte de papel ou dixitais).

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

Aspectos xerais

- Partir da competencia inicial do alumnado.
- Repaso dos contidos xa estudados no curso anterior.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas:
- Combinar traballo individual e cooperativo.
- Aprendizaxe por proxectos.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.
- Fomento do uso das TIC para resolver actividades, realizar traballos ou presentacións, ampliar ou complementar a información do libro, etc.
- Fomento da aprendizaxe activa e do traballo colaborativo.
- Fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.
- Traballo dos distintos contidos da unidade a partir de textos próximos á realidade e aos intereses do alumnado
- Desenvolvemento do pensamento crítico necesario para interpretar a información que achegan os medios de comunicación
- Fomento do interese pola poesía e a súa relación coa música, mediante a escoita de versións musicadas de poemas.
- Creación de textos e lectura posterior en voz alta para que os demais valoren a creatividade de cada alumno/-a e así favorecer o xuízo crítico e o traballo cooperativo.
- Analizar e redactar textos de acordo cunhas pautas; asegurar a correcta asimilación de conceptos a través dunha práctica continuada; utilizar a Rede para obter información; manexar o dicionario como fonte de consulta habitual; dispoñer dunha gramática como material de apoio; realizar esquemas, táboas, mapas conceptuais e resumos para assimilar e lembrar mellor os conceptos, etc.
- Papel facilitador do profesor/a.

Estratexias metodolóxicas

- Lectura individual e compartida dos contidos da unidade.
- Investigación sobre documentos, textos, prensa, relacionados co tema.
- Elaboración de sínteses.
- Análise de documentos.
- Comentarios de textos
- Estudo de casos (proxectos).

- Memorización comprensiva.
- Traballo reflexivo persoal no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo (sempre que o protocolo covid o permita): facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas e utilizar as estruturas da aprendizaxe cooperativa suxeridas na guía do profesorado para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara. Aplicar estruturas de traballo cooperativo.
- Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, reaccionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións
- Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal.

Secuenciación de traballo na aula

- Actividade que permita anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.
- Formulación de cuestións que favorezan o conflito cognitivo.
- Presentación da actividade con textos, fotos
- Rutinas de pensamento: vexo, penso, pregúntome; parella de detectives; choiva de ideas¿..
- Audición individual e logo colectiva, en gran grupo, da lectura inicial e da lenda do «Comentario de texto» co obxectivo de mellorar a comprensión oral.
- Fincapé nos hábitos de traballo: responder as actividades do libro; comprender a finalidade de cada apartado; utilizar a Rede para obter información utilizar o dicionario; facer clasificacións, cadros, pensamento visual, esquemas e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada, etc.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado.
- Exposición da profesora utilizando diferentes soportes, explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novidosos.
- Explicación do lido e respostas aos interrogantes
- Preguntas aos alumnos para comporbar o comprendido.
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

Traballo persoal:

- Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual
- Posta en común en gran grupo a través do diálogo e a lectura colectiva, tras o traballo individual ou colectivo
- Lectura e comprensión de textos.
- Práctica habitual na clase da análise guiada de textos literarios.
- Realización de exercicios prácticos que mostren a comprensión dos contidos.
- Pequenas investigacións, relacionadas coa unidade.
- Resposta a preguntas.
- Comentario de documentos, textos
- Elaboración de síntese ou mapas conceptuais, mentais, pensamento visual
- Memorización comprensiva.
- Exposicións orais

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ausubel, David (1976). Psicología Educativa. Un punto de vista cognoscitivo. México: Trillas.
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións.

Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do portugués contemporáneo de acordo com a nova ortografía. Rio de Janeiro: Lexikon Editora Digital.
Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Xerais. Vigo
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais.
Fernández Fernández, Isaac (2010). Dicionario galego-euscaro, euskara-galiziera. Vigo: Universidade de Vigo.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo. Galaxia.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Xerais. Vigo
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia.
López Viñas, Xoán; Lourenço Mória, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións.
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Vigo: Xerais de Galicia
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais de Galicia
Torres Santomé, Jurjo (1995). O Curriculum oculto. Portugal: Porto.
Vázquez Freire, Miguel (1992). O Curriculum. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Vilagrasa Grandia, Albert (2018). A punt 1. Publicacions de l'Abadia de Montserrat. Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). Gramàtica Pràctica del catalá. Barcelona. Teide

Libro dixital EDIXGAL en 1º ESO

Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.

Selección de obras e/ou fragmentos de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura

Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación

Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes

Recursos e aplicacións informáticas e multimedia

Materiais de investigación e consulta

Exposición en paneis de murais ou outros traballos

* Descrición

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica de Lingua Galega e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido ha de dar resposta á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favorezca a inmediata comprensión oral e escrita.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Procedemento para a avaliación inicial

* Descrición

A avaliación inicial ten como obxectivo fundamental analizar, antes de iniciar un proceso de ensino-aprendizaxe, a situación de cada estudante. Na avaliación inicial pódense diagnosticar aspectos como as concepcións alternativas, as estratexias espontáneas de razoamento, as experiencias persoais e os hábitos e actitudes que determinan, en boa medida, o sentido da aprendizaxe.

Durante as dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita, deseñada tendo en conta o currículo do curso anterior. Os resultados destas probas, xunto coa observación do traballo na aula, a información aportada polo Departamento de Orientación e a Memoria Final do curso 2023/2024, permiten adoptar decisións sobre cales son os puntos de partida e poder adaptar así o proceso de ensino aprendizaxe e a propia programación didáctica ás necesidades detectadas

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	10	10	10	10	10	15	100
Proba escrita	50	75	0	75	60	0	85	100	0	44
Táboa de indicadores	50	25	100	25	40	100	15	0	100	56

Criterios de cualificación:

En cada avaliación parcial aplicaranse os seguintes criterios de cualificación.

1. Proba escrita: Exames 60%
2. Táboas de indicadores: taller literario 20%, taller de investigación 10%, actividades de aula 10%

Avaliación parcial

O resultado de cada avaliación parcial realizarase calculando a media dos distintos contextos de aplicación segundo os criterios de cualificación descritos no apartado anterior

Avaliación final

Cando as notas obtidas en cada unha das tres avaliacións trimestrais sexa superior ou igual a 5 farase a media aritmética para obter a cualificación final.

Criterios de recuperación:

AVALIACIÓN FINAL

A nota final do alumno será a media das tres avaliacións, en caso de que esta media non sexa de 5, terá que recuperar o trimestre que non teña aprobado, unicamente ese.

A promoción do alumnado será adoptada de xeito colexiado segundo o disposto na normativa vixente.

CA3.1.4. - Diseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando mecanismos, que cumpran unha función determinada resolvendo os problemas propostos.	Deseñar e fabricar un sistema empregando mecanismos que resolva un problema proposto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases. - Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos. - Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. - Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. - Respecto das normas de seguridade e hixiene. - Identificación de sistemas mecánicos básicos de transmisión e transformación do movemento: montaxes físicas e/ou uso de simuladores. - Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto. - Deseño de sistemas que incorporen mecanismos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto.

UD	Título da UD	Duración
7	Proxecto electricidade	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Diseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema, resolvendo os problemas propostos.		PE	50
CA3.1.5. - Coñecer os operadores eléctricos básicos, para diseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando circuitos eléctricos, que cumpran unha función determinada resolvendo os problemas propostos.	Coñecer os operadores eléctricos básicos.		
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Buscar e contrastar información que axude a resolver un problema proposto.	TI	50
CA2.1 - Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Idear e deseñar solucións que resolvan un problema proposto.		
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaborativa.	Seleccionar e organizar os materiais axeitados para construír unha solución a un problema proposto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	Fabricar un obxecto sinxelo empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.		
CA3.1 - Diseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema, resolvendo os problemas propostos.			
CA3.1.6. - Diseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando circuitos eléctricos, que cumpran unha función determinada resolvendo os problemas propostos.	Diseñar e fabricar un sistema empregando circuitos eléctricos que resolva un problema proposto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases. - Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos. - Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. - Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. - Respecto das normas de seguridade e hixiene. - Electricidade básica para a montaxe de circuitos físicos ou simulados. Montaxe e/ou simulación de circuitos sinxelos con operadores eléctricos: xeradores, elementos de manobra ou control e receptores. Componentes básicos e simboloxía. - Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto. - Deseño de sistemas que incorporen circuitos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto.

UD	Título da UD	Duración
8	Programación	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Describir, interpretar e deseñar solucións a problemas informáticos a través de algoritmos e diagramas de fluxo, aplicando os elementos e as técnicas de programación de maneira creativa.	Interpretar algoritmos sinxelos. Dar solución a problemas sinxelos a través de algoritmos.	TI	100
CA4.2 - Programar aplicacións sinxelas empregando os elementos de programación de maneira apropiada e aplicando ferramentas de edición.	Programar aplicacións sinxelas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Algorítmica e diagramas de fluxo.
- Aplicacións informáticas sinxelas para ordenador.
- Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
9	Sistemas de control e robots	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.		PE	20
CA3.2.1. - Coñecer os elementos básicos dun sistema de control ou robot, para montar sistemas de control e/ou robots sinxelos para a resolución dos problemas propostos.	Coñecer os elementos básicos dun sistema de control ou robot.		
CA3.2 - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.		TI	80
CA3.2.2. - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.	Montar un sistema de control ou robot sinxelo que resolva un problema proposto.		
CA4.3 - Automatizar procesos, máquinas e obxectos sinxelos, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control.	Automatizar un proceso ou máquina sinxelos, programando un sistema de contro ou robot.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Compoñentes básicos e funcionamento dun sistema de control ou robot sinxelo: sensores, actuadores e controladores.

Contidos

- Montaxe de sistemas de control ou robots sinxelos para a resolución de problemas técnicos.
- Sistemas de control programado: uso de simuladores e programación sinxela de dispositivos.
- Fundamentos da robótica: control programado de robots sinxelos de maneira física ou por medio de simuladores.
- Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado.

O eixe vertebrador será a realización de proxectos tecnolóxicos con metodoloxías que fomenten a resolución de problemas mediante o deseño e construción de sistemas técnicos e prototipos eléctricos, mecánicos, robóticos, etc. Durante a realización dos proxectos, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro.

Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos tecnolóxicos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula-taller de tecnoloxía.
Ordenadores con conexión a internet. Un ordenador por alumna/o.
Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática...) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre.
Materiais para a fabricación, tratando de potenciar a reutilización.
Ferramentas manuais e eléctricas propias do taller de tecnoloxía.

Operadores e compoñentes eléctricos e electrónicos.
Dispositivos de fabricación dixital: impresoras 3D e cortadora láser.
Dispositivos de robótica.
Compoñentes para sistemas de control programados: sensores, actuadores, placas controladoras con conexión a internet (IOT). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase hardware libre.
Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.
Aula virtual do centro ou do plan Edixgal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso, realizarase un cuestionario acerca das competencias adquiridas en primaria relacionadas coa tecnoloxía e dixitalización.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	2	15	3	10	10	18	12	18	12	100
Proba escrita	0	50	0	50	0	50	50	0	20	30
Táboa de indicadores	100	50	100	50	100	50	50	100	80	70

Criterios de cualificación:

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN POR UNIDADES DIDÁCTICAS

UD 1. A TECNOLOXÍA

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase . Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 100% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.2, CA1.3, CA1.4

UD 2. DESEÑO E FABRICACIÓN

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 5% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.4.1

Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 45% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.4.1

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 50% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.4.2

UD 3. UTILIZACIÓN DAS TIC NO PROCESO TECNOLÓXICO

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase . Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 100% Criterios de Avaliación Avaliados: CA5.2, CA5.5, CA5.5

UD 4. PROXECTO ESTRUTURAS

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase escritas. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 5% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1.1

Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 45% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1.1

Procedemento de Avaliación: proxecto técnico. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 50% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.1 , CA2.1, CA2.2, CA2.3, CA3.1.2

UD 5. DOCUMENTACIÓN DE PROXECTOS

Procedemento de Avaliación: creación e comunicación de documentación técnica. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 100% Criterios de Avaliación Avaliados: CA5.1, CA5.3

Esta unidade didáctica desenvolverase de xeito transversal na primeira e na segunda avaliación, outorgando a metade do peso en cada unha delas.

UD 6. PROXECTO MECANISMOS

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase escritas. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 5% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1.3

Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 45% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1.3

Procedemento de Avaliación: proxecto técnico. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 50% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.1 , CA2.1, CA2.2, CA2.3, CA3.1.4

UD 7. PROXECTO ELECTRICIDADE

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase escritas. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 5% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1.5

Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 45% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1.5

Procedemento de Avaliación: proxecto técnico. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 50% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.1 , CA2.1, CA2.2, CA2.3, CA3.1.6

UD 8. PROGRAMACIÓN

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase . Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 30% Criterios de Avaliación Avaliados: CA4.1

Procedemento de Avaliación: proxecto . Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 70% Criterios de Avaliación Avaliados: CA4.2

UD 9. SISTEMAS DE CONTROL E ROBOTS

Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 20% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.2.1

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase e proxecto . Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no

total da UD: 80% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.2.2, CA4.3

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

Cálculo da nota final do curso:

NOTA FINAL = 35% 1ªaval + 35% 2ªaval + 30% 3ªaval

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

De cada proba escrita obxectiva realizarase unha segunda de recuperación. A realización da proba de recuperación será obrigatoria para o alumnado que obteña unha cualificación inferior ao 50% do máximo na primeira proba, o resto do alumnado poderá realizala de xeito voluntario. A cualificación final de cada proba corresponderá á maior das obtidas en cada unha das oportunidades.

Nas 3 últimas semanas do curso, o alumnado que o precise, deberá realizar tarefas e probas de recuperación daquelas unidades didácticas que non superase no seu momento.

O alumnado que na primeira semana de xuño teña acadado unha cualificación de 5 ou máis de 5 na media aritmética das tres avaliacións, poderá realizar actividades de reforzo e ampliación que lle permitirán subir a súa cualificación nalgunha das unidades didácticas do curso. Neste caso a cualificación final será recalculada seguindo o mesmo criterio que anteriormente.

A recuperación realizarase por cada unidade didáctica. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que teña a materia de Tecnoloxía e Dixitalización de 1º ESO pendente de superar, ao non tela superado en anos anteriores, deberá realizar as seguintes actividades :

- Realización e entrega periódica, de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.
- Faranse tres probas escritas parciais, unha por avaliación en datas por definir. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación. Ademais haberá unha proba final.
- Distribúese a materia do curso en tres partes, unha para cada proba parcial.
- Todas as probas serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos.
- Para o cálculo da cualificación da materia pendente, terase a seguinte consideración:
Media aritmética das probas escritas parciais 80% da cualificación.
Actividades realizadas ao longo do curso 20% da cualificación.
- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba escrita final en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

- A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde estea matriculado, fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe ou xefa de departamento quen faga o seguimento.

6. Medidas de atención á diversidade

Entre outras, contémpanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira.
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación
- Desdoblamento de grupos
- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento
- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.)
- Adaptacións curriculares

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X				X			
ET.3 - Comunicación audiovisual.				X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.		X	X		X			X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.		X		X		X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X		X		X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.			X	X	X	X	X	
ET.8 - Igualdade de xénero.				X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.		X		X		X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde.		X	X	X		X	X	
ET.11 - Formación estética.		X		X		X	X	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable.	X		X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.			X	X	X	X	X	

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X
ET.9 - Creatividade.	X
ET.10 - Educación para a saúde.	X
ET.11 - Formación estética.	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable.	X
ET.13 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais.	X

Observacións:

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas propostos. Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e coa elaboración de documentación técnica. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica. Comunicación audiovisual: presentación de resultados de prácticas e proxectos mediante creacións audiovisuais. Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia. Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos. Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos tecnolóxicos. Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos fomentará o traballo en equipo. A igualdade de xénero no ámbito científico e tecnolóxico é unha necesidade na sociedade actual, que tratará de cubrirse mediante un axeitado reparto de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos. Creatividade: Desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos. Educación para a saúde: importancia do respecto polas normas de seguridade e hixiene no taller. Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade. Formación estética: procesos de deseño e acabado nos proxectos tecnolóxicos. Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade nos proxectos tecnolóxicos, sobre todo na elección de materiais e fontes de enerxía. Respeto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas relacionadas coa materia.	Saídas didácticas relacionadas coa materia.	X	X	X

Observacións:

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos das distintas unidades didácticas do curso.

Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

Para cada actividade complementaria indicaranse as seguintes características:

- Obxectivos
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.
Metodoloxía empregada
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica....
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.

Clima de traballo na aula
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas.
Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.
Outros
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma.

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios na aula virtual do centro ou na do plan Edixgal.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004514	CPR Plurilingüe La Inmaculada	Marín	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	31
4.2. Materiais e recursos didácticos	33
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	34
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	34
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	35
6. Medidas de atención á diversidade	35
7.1. Concreción dos elementos transversais	36
7.2. Actividades complementarias	37
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	37
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	39
9. Outros apartados	39

1. Introducción

O primeiro curso da ESO, iníciase coa introdución do alumnado nas metodoloxías da Xeografía e a Historia. Analízanse o clima, o cambio climático e a biodiversidade desde unha perspectiva integradora e holística, ligando a súa visión académica co enfoque ecolóxico e ambiental que desembocou na persecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e ao desenvolvemento da conciencia ambiental.

O período histórico analizado neste curso abarca desde a orixe do ser humano ao fin da Antigüidade Tardía. O estudo de tan amplo e complexo espazo de tempo supón un inmenso reto docente, non só pola cantidade de contidos e destrezas referidos senón tamén pola conexión dos temas abordados coa realidade actual do alumnado. Por tanto contidos, habilidades e actividades a desenvolver, deberemos conectalos, mediante as estratexias docentes de ensino, co presente do alumnado en especial no que concierne ao compromiso cívico, a igualdade e a perspectiva de xénero. Á vez, achegarémonos a defensa e a conservación do patrimonio histórico e cultural, tan rico nesta longa etapa tanto en España, como en Galicia en particular. Por iso será fundamental abordar os contidos relacionados coa arte e o Patrimonio con especial énfase.

A continuación faremos unha contextualización do alumnado por aulas diferenciadas:

- 1º ESO-A.

Atopámonos nun aula de 22 alumnos, dos cales nove son mulleres e trece son homes.

A lingua predominante do alumnado é o castelá.

En canto o análise dos resultados do curso anterior todo o alumnado promocionou acadando os obxectivos coa excepción de:

-Non acadou os obxectivos da Lingua Estranxeira (inglés): un neno.

- Non acadaron os obxectivos en Matemáticas un neno e unha nena.

- Esa mesma nena tampoco acadou os obxectivos de Lingua Castelá.

- Un alumno promocionou por imperativo legal, con sete suspensas.

- Hai unha alumna que está repetindo 1º ESO, e dous alumnos que repetiron unha vez na etapa de Primaria.

En canto a exencións da segunda Lingua Estranxeira (francés): hai dúas rapazas e cinco rapaces.

Precisan Reforzo Educativo no seu proceso de aprendizaxe catro destes alumnos/as por circunstancias diversas:

-Un rapaz con trastorno do espectro autista (TEA) e certificado de minusvalía do 33%

-Unha rapaza con TDH e dislexia.

-Un rapaz con dislexia.

- Un rapaz e unha rapaza con dificultades de aprendizaxe.

Do alumnado mencionado, un rapaz ten adaptación curricular significativa en cinco materias.

Alumno en situación familiar desfavorecida hai un rapaz, en seguimento por parte dos servizos sociais e a UACO.

- 1º ESO B

Atopámonos nun aula de 21 alumnos, dos cales dez son mulleres e once son homes.

A lingua predominante do alumnado é o castelá.

Hai unha alumna que se incorporou ao noso centro este curso.

En canto o análise dos resultados do curso anterior todo o alumnado promocionou acadando os obxectivos coa excepción de:

-Non acadou os obxectivos da Lingua Estranxeira (Ing): un rapaz.

- E non acadou os obxectivos en Matemáticas un rapaz.

En canto a exencións da segunda Lingua Estranxeira (francés):hai unha rapaza e un rapaz.

Precisan Reforzo Educativo no seu proceso de aprendizaxe cinco alumnos/as por circunstancias diversas:

-Unha rapaza con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) e dislexia.

-Unha rapaza por risco moderado de dislexia e posible discalculia.

-Un rapaz con dificultades de aprendizaxe nas linguas.

-Unha rapaza con TEA.

-Unha rapaza con dificultades en matemáticas (AC)

A maiores, hai dous rapaces con protocolo TDAH pero que non precisan reforzo educativo.

O profesorado que imparte docencia en ambas as dúas aulas é:

- Depto. de Linguas: Begoña Diz Magariños, M^a del Carmen Fernández Villar, Ana I. González Entenza e M^a Reyes Rosales Aldao.

- Depto. de Ciencias: Nuria Rial e Jose Blanco.

- Depto. Tecnolóxico: Ana M^a Acuña Rodríguez e Jose Blanco

- Depto. de Humanidades: Elena F. Sobral Viqueira, Roberto Briz. e Javier Medrano Iglesias.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos cales se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas a que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural en que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e coa contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, das súas institucións e doutras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O planeta Terra e a súa representación	Nesta primeira unidade, traballarán conceptos de xeotecnoloxía e finalizarase	5	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O planeta Terra e a súa representación	elaborando un catálogo de obxectos cotiáns derivados da exploración espacial. Trátase de valorar o impacto da investigación espacial para o coñecemento do noso planeta, o desenvolvemento de innovacións tecnolóxicas e a mellora da nosa vida cotiá. Desde o punto de vista metodolóxico, destacamos: coñecemento e aplicación de métodos científicos, xeográficos e tecnolóxicos para mellorar a comprensión da realidade en diferentes ámbitos; reflexión crítica sobre a incidencia nas nosas vidas das innovacións tecnolóxicas e a investigación espacial, desenvolvendo unha maior concienciación ambiental; interpretación e análise de elementos xeográficos para extraer datos; procura, selección e elaboración de investigacións propias derivadas de fontes veraces de información obtida a través de medios tecnolóxicos; reflexión, interpretación e representación de datos utilizando diferentes soportes e linguaxes, etc.	5	8	X		
2	Climas da Terra	Esta unidade iníciase co estudo dos recursos naturais, analizando o relevo do mundo, e os distintos tipos de clima, coas súas características principais. O resultado destas reflexións plasmarase en climogramas e estudos a futuro destas paisaxes.	10	8	X		
3	Emerxencia climática	Traballaremos o concepto de cambio climático: coñecer a importancia da atmosfera, a meteoroloxía e os elementos do clima. Traballarán diferentes aspectos sobre a auga como recurso natural, facendo fincapé na importancia da súa preservación para garantir o futuro. Para axuntar todos os coñecementos adquiridos, van simular un cume do clima. A intención é xerar un maior grao de concienciación ambiental e potenciar a necesidade de tomar accións para paliar a emerxencia climática. Desde o punto de vista metodolóxico, terase en conta: estudo, interpretación e representación de gráficos, táboas, climogramas e mapas de distinta tipoloxía para facilitar a comprensión dos feitos e as relacións que existen entre eles; accedendo a internet e outras fontes divulgativas veraces; reflexión sobre situacións hipotéticas sobre o cambio climático e a exposición argumentada das súas conclusións, e realización de traballos de investigación sinxelos adquirindo un	5	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Emerxencia climática	método organizativo efectivo e claro.	5	8	X		
4	Os medios naturais	<p>Na presente unidade, o alumnado vai coñecer en profundidade as características xeográficas que posúe o país en que habitamos e finalizará diagnosticando os riscos dunha paisaxe e propoñendo solucións para a súa conservación e desenvolvemento.</p> <p>Incídese na investigación, comparación de datos e emisión de opinións a partir da formulación de situacións hipotéticas; contraste de opinións e formación dun xuízo propio argumentado; interpretación de mapas, atlas, táboas e gráficos e a súa comparación</p> <p>Ademais, nesta unidade, sinálase a importancia de descubrir novas terras, xentes e culturas no mundo. Como consecuencia dos avances tecnolóxicos e de comunicación, o estudo xeográfico céntrase en estudar o espazo físico xa coñecido e os seus condicionantes para contribuír ao uso máis eficaz dos seus recursos materiais, humanos e naturais. Finalízase coa elaboración dun informe diagnóstico sobre os riscos dunha paisaxe e a súa exposición acompañándose dunha presentación dixital.</p>	5	8	X		
5	O impacto humano sobre o medio natural	<p>Nesta unidade, traballaranse os trazos característicos das diferentes paisaxes e a forma de vida dos seus asentamentos, e vai reflexionar sobre o impacto que exercen as nosas actividades sobre eles. Ao finalizar, propónselles elaborar unha exposición de fotografías co fin transmitir a necesidade de preservar a riqueza dos nosos bosques e evitar os riscos que afectan o ecosistema.</p> <p>Abórdanse a interpretación de mapas, climogramas, táboas e gráficos para deducir conclusións obxectivas; emprego responsable de soportes dixitais e audiovisuais para ampliar as súas informacións, elaborar un documental e organizar unha exposición de fotografías; comprobación da autenticidade das fontes de información e respecto pola propiedade intelectual; e mostra de respecto pola diversidade étnica e cultural presente na nosa sociedade identificando posibles desigualdades e inxustizas.</p>	10	8	X		
6	As sociedades prehistóricas	Nesta unidade didáctica, o alumnado vai coñecer as formas de vida e os descubrimentos representativos de cada	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	As sociedades prehistóricas	<p>etapa da Prehistoria e concluirá deseñando e inventando un obxecto que favoreza o benestar dun pobo menos evolucionado tecnoloxicamente.</p> <p>Neste contexto abórdanse os seguintes aspectos: interpretación e comparación de textos e imaxes descritivas para inferir datos que se expresan verbalmente ou a través da elaboración de táboas concluíntes; expresión de emocións e opinións tras a vinculación contextualizada dalgúns feitos históricos coas súas experiencias próximas; participación en debates de grupo sobre a revolución provocada polas innovacións e a súa influencia no progreso da humanidade; realización de investigacións empregando as novas tecnoloxías como soporte para a procura contrastada de datos e presentación das súas conclusións, e valoración das fontes destinadas ao estudo da Historia e da súa difusión a través de medios diferentes.</p>	10	10		X	
7	A Antigüidade en Asia e África	<p>Nesta unidade, tomarase conciencia dun dos avances da humanidade máis importantes: a invención da escritura, e de que grazas a este feito a sociedade avanzou en multitude de ámbitos: comercio, cultura, economía, etc., e se produciron grandes cambios sociais. Preténdese concienciar do valor da educación para evitar situacións de discriminación, tanto na época antiga como na actualidade. Así, para pechar o contido, van elaborar un relatorio sobre os saberes de onte e de hoxe.</p> <p>Abórdase a investigación e análise de información como ferramenta para diferenciar os feitos das opinións e das crenzas; estudo e interpretación de información histórica a través da análise e a comparación de mapas, liñas do tempo, esquemas e imaxes informativas para facilitar a comprensión dos feitos e as relacións entre eles, e a conexión de aprendizaxes e a interrelación de contidos para xerar coñecementos históricos sólidos.</p>	10	8		X	
8	A civilización Exipcia	<p>Nesta unidade, tomarase conciencia dunha. das culturas máis importantes do mundo antigo e de que grazas aela a sociedade avanzou en multitude de ámbitos: comercio, cultura, ciencia, economía, etc..</p>	10	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A civilización Exipcia	Abórdase a investigación e análise de información como ferramenta para diferenciar os feitos das opinións e das crenzas; estudo e interpretación de información histórica a través da análise e a comparación de mapas, liñas do tempo, esquemas e imaxes informativas para facilitar a comprensión dos feitos e as relacións entre eles, e a conexión de aprendizaxes e a interrelación de contidos para xerar coñecementos históricos sólidos. Como peche da unidade fará unha presentación das achegas que esta civilización nos deixou na actualidade.	10	8		X	
9	A Hélade	Ao longo desta unidade, o alumnado coñecerá que a civilización grega foi a precursora da orixe da democracia. Coñecer as formas de goberno e de vida da sociedade ateniense vai axudar a coñecer en profundidade esa época histórica e a poñer en contexto a desigualdade entre homes e mulleres na Antigüidade. Neste contexto abórdanse os seguintes aspectos: comprensión de textos históricos e vinculación do seu contido coa época actual, emitindo xuízos de valor argumentados; análise de fitos históricos a partir da interpretación de mapas, liñas do tempo e imaxes explicativas; interpretación e análise das creacións artísticas da época e a súa valoración como fonte de información histórica relevante; conexión entre os coñecementos previos e os novos para obter unha aprendizaxe significativa na materia, e interese por reconstruír e estudar o pasado para comprender a evolución das sociedades ata o momento presente.	10	12			X
10	Roma	Ao longo desta unidade daranse a coñecer os aspectos máis significativos da civilización romana e finalizarán coa interpretación dun plano con restos arqueolóxicos da época. Abórdanse os seguintes aspectos: estudo e interpretación de mapas, liñas do tempo e imaxes informativas que facilitan a comprensión dos contidos; análise de información e deseño dun cartel para publicitar unha exposición sobre o mundo romano, tendo en conta que os seus elementos estean libres de estereotipos; reflexión sobre a evolución e os cambios urbanísticos ao longo da historia e a	15	14			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Roma	importancia da súa conservación nos nosos días. Tamén se expón que Hispania foi un lugar de encontro de persoas provenientes de múltiples culturas grazas á súa situación xeográfica e ás súas riquezas naturais. Para finalizar o curso, propónse o deseño dunha ruta cultural para coñecer a herdanza que recibimos dos pobos que habitaron Hispania na Antigüidade.	15	14			X
11	Os pobos bárbaros	Ao longo desta unidade daranse a coñecer os aspectos máis significativos dos pobos bárbaros que depondrán ao último emperador romano de occidente. Estudárase cales eran e onde se estableceron. Especial atención aos visigodos e francos. Colocarán a ocupación destes ao longo do novo mapa europeo.	5	5			X
12	As expresións artísticas na Antigüidade	Dentro de cada tema anterior de historia frase referencia á expresión artística de cada unha das etapas, Facundo unha infografía de cada unha delas.	5	8		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O planeta Terra e a súa representación	8

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros formatos.	PE	75
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	É quen de empregar terminoloxía xeográfica na interpretación de fontes cartográficas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e do recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Coñecer os principais conflitos e recoñecer as institucións que garanten a convivencia, tanto a nivel internacional como no noso país.		
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininas na historia. A resistencia á opresión.

Contidos

- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.
- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.
- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.

UD	Título da UD	Duración
10	Roma	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Reconoce a organización da sociedade, relixiosa, económica e política de Roma	PE	50
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Describe e identifica as características básicas da civilización romana		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Entende a influencia de Roma na conformación da identidade europea		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	¿ Presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros formatos.		
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Utiliza de maneira correcta o vocabulario adquirido sobre a civilización romana		
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	¿ Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade.		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos a que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	¿ Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade.	TI	50
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	¿ Localizar e analizar de forma crítica fontes fiables para obter informacións como probas históricas.		
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Responde preguntas sobre textos históricos		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Atopa na súa contorna pegadas da civilización romana		
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	¿ Presentar adecuadamente a información a través de diversas formas de representación.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Coñece e interpreta críticamente a situación das mulleres e dos escravos en Roma		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.

Contidos

- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.
- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.
- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.
- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo.
- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininas na historia. A resistencia á opresión.
- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.
- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.
- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

UD	Título da UD	Duración
11	Os pobos bárbaros	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Identifica as pegadas do Reino Svevo	PE	40
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	¿ Presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros formatos.	TI	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Responde preguntas sobre fontes históricas directas		
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	¿ Valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan á sociedade.		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos a que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	¿ Valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan á sociedade.		
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	¿ Mostrar actitudes de escoita activa en procedementos comunicativos, comprobando a súa fiabilidade.		
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	¿ Presentar adecuadamente a información a través de diversas formas de representación.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Analiza criticamente o concepto de bárbaro		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininas na historia. A resistencia á opresión. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.

Contidos
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.

UD	Título da UD	Duración
12	As expresións artísticas na Antigüidade	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É quen de identificar as características básicas de obras clave propostas	PE	60
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	¿ Presentar adecuadamente a información a través de diversas formas de representación.	TI	40
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Analiza a relación entre arte e civilización		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Recoñece o valor patrimonial da arte conservada e a importancia da súa conservación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo.

Contidos

- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas.

Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.

A organización dos saberes de xeografía e historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.

O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa, isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.

O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)

Támén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden

propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou uso de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as habilidades, destrezas e intereses.

Podemos dicir que o foco vaise poñer nos seguintes aspectos:

I. Educación integral orientada a formar persoas:

- Indagadoras e analíticas.
- Informadas e cultas.
- Reflexivas e críticas.
- Boas comunicadoras.
- Colaboradoras e participativas.
- Comprometidas e éticas.
- Creativas.
- Respectuosas e con mentalidade aberta.

II Desenvolvemento sostible desde o punto de vista ambiental e social:

- Para educar cidadáns globais, persoas comprometidas consigo mesmas, cos demais e co planeta.
- Todos os elementos débense orientar a que o alumnado reflexione sobre os retos do século XXI e deben contribuír á construción dun mundo mellor.

III. Proxecto conectado coa realidade que promove a aprendizaxe competencial. Para iso, cada unidade didáctica organízase ao redor dunha situación de aprendizaxe, unha experiencia de aprendizaxe (problema, tema, reto) motivadora, real e próxima ao alumnado. As unidades seguen unha ruta didáctica en catro fases:

- Espertar a curiosidade do alumno e tomar conciencia da situación-problema.
- Aprendizaxe orientada cara aos contidos necesarios e o desenvolvemento das habilidades de pensamento.
- Aplicación do aprendido en tarefas complexas, con forte sentido competencial e actudinal.
- Consolidación, valoración do aprendido e personalización.

IV. Aprendizaxe personalizada mediante a flexibilización de adaptacións para que responda á diversidade de realidades educativas.

V. Avaliación formativa para avaliar todas as fases do proceso educativo, cunha gran diversidade de instrumentos, incluíndo a participación do propio estudante.

VI. Ensino dixital para desenvolver a competencia dixital do alumnado e tamén como ferramenta de ensino e aprendizaxe.

VII. Enfoque multidisciplinar e, aínda que cada área ten sentido propio, propóñense un gran número de dinámicas interdisciplinares que contribúen a unha aprendizaxe profunda e que permiten interrelacionar saberes e fortalecer as aprendizaxes das áreas instrumentais.

VIII. Integración de novos saberes:

- Alfabetización informacional.
- Competencias STEAM

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Apuntamentos e fichas do docente
Aula Virtual
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Novelas históricas, novelas gráficas, comics
Prensa

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregárase material complementario, incluso elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula. Así mesmo, o docente pode dispor do seu propio blog didáctico a través do cal pode facer propostas de traballo (visualizar vídeos, realizar actividades interactivas...) que enriquezan a didáctica.

O alumnado requirirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis, e comunicarse co alumnado.

As novelas históricas adoitan ser atractivas para recrear feitos históricos e poden lerse na súa totalidade ou algún capítulo destacable.

Pode dispoñerse de Xogos de mesa de feitos históricos para ser empregados nalgunha ocasión.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable.

Os antes mencionados fan referencia ao material do alumnado; agora pasamos a engadir o material específico do profesorado:

PDA. Programación didáctica da aula, axustada aos requirimentos da LOMLOE.

Biblioteca do profesorado

Solucionario.

Recursos didácticos (reforzo e apoio, ampliación e enriquecemento, avaliación, autoavaliación e solucionario das avaliacións).

App de avaliación.

Máis recursos: As Ciencias Sociais no cinema; Ciencias Sociais para a paz; Lecturas de Xeografía e Historia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

Do grupo da clase

Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnos con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.

Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

De cada alumno en particular

Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.

Entrevistas.

Autoavaliación.

Rutinas de pensamento.

Cuestionarios de avaliación inicial.

Probas de avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	5	5	10	10	10	10	10	15
Proba escrita	75	40	55	60	65	65	50	40	50	50
Táboa de indicadores	25	60	45	40	35	35	50	60	50	50

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	100
Proba escrita	40	60	53
Táboa de indicadores	60	40	47

Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 60% e o das táboas de indicadores un 40%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión, restando polos erros se así se especifica en cada proba.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósters; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas establécense os seguintes parámetros: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular 4, Valores cos que logo se extrae a media.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [(Media Ex. x 60)+ (Media rúbricas T.I.x40)] / 100.

Unha vez realizadas as operacións, e dado que administrativamente é necesario incorporar unha cualificación enteira, dita cualificación nas avaliacións parciais aproxímanse por truncamento.

A cualificación final de curso será o resultado da media das cualificacións das tres avaliacións parciais, considerando a nota previa ao truncamento. Dado que administrativamente é necesario acomodar unha cualificación enteira, dita cualificación aproxímanse por redondeo. Superarase a materia cando o resultado sexa igual ou superior a 5.

Crterios de recuperación:

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración dunhas fichas de reforzo con diferentes propostas de tarefas competenciais sobre os temas traballados nas unidades da avaliación xunto coa preparación dunha serie de preguntas exame sobre ditos contidos. O docente titorizará este traballo para resolver dúbidas ou/e corrixir aqueles aspectos que sexan precisos.

En xuño, farase a proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas polo docente e que foron previamente traballadas polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). En relación á parte práctica este deberá ser entregado no prazo indicado e será puntuado seguindo as rúbricas: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular ou inadecuado 4, calculando logo a media.

Para calcular a nota da recuperación considerarase o 60% das probas escritas e o 40% dos traballos.

Todo o traballo será titorizado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.

A nota acadada na recuperación so será tida en conta no caso de ser superior á da avaliación suspensa.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No tocante á atención á diversidade, segundo o artigo 51^º da Orde do 8 setembro 2021, establécense un plan de reforzo que será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte dos estudantes receptores.

Como consecuencia, o alumnado coa materia de Xeografía e Historia pendente dun curso anterior será convocado ao inicio do curso para entregarlle un plan individualizado para a súa recuperación, e facilitarlle toda a información relevante sobre este particular.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotívase máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

Plantexaranse medidas de reforzo tanto para o alumnado avantaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que o docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acade un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas ou un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social			X					
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X	X			
ET.3 - Educación para a igualdade						X	X	X
ET.4 - Emprendemento					X			
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita							X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X	X			
ET.7 - Educación para a paz						X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	X	X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social				
ET.2 - Educación ambiental				
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento				
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible				
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor				

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	complementaria	X		
Asistencia a charlas	complementaria	X	X	
Excursións de interese didáctico	complementaria			X
Roteiros didácticos	complementaria	X		
Proxección de cine	complementaria	X	X	X
Asistencia a representacións teatrais	complementaria	X	X	

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Planifica leccións, ensina e avalía
Valoración xeral da materia
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Metodoloxía empregada
Emprega variedade de recursos
Motiva ao alumnado
Explica con claridade
Resolve dúbidas
É innovador/a
Revisa a realización das tarefas propostas
As actividades foron variadas e motivadoras
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Os criterios de cualificación foron axustados
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
É ordenado nas explicacións
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Sabe dirixir as clases
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
A temporalización foi adecuada
Medidas de atención á diversidade
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Ofrece oportunidades de recuperación
Valora o esforzo
Realizouse a avaliación inicial
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe

Outros
Demostra coñecemento da materia
Cumpriu co horario de clase

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados